Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde:

O representante do ente beneficiario:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.
Rodríguez

Asdo.:D.Manuel Ángel Casas

Dando fe pública a Secretaría do Concello de Valdoviño
Asdo: Dona Carlota González Navarro

Segundo.- Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 75% da subvención prepagable (ao tratarse de subvención prepagable parcialmente, e o segundo pago do 25% unha vez se aprobe a xustificación da axuda) concedida a CLUB DEPORTIVO ROSALIA DE VILABOA para a organización e celebración de actividades deportivas no ano 2023 que se imputará á aplicación orzamentaria do estado de gastos 326.48900 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a CLUB DEPORTIVO ROSALIA DE VILABOA, e requirirille para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/A006/000006).

8º.- APROBACIÓN DAS BASES DO III CONCURSO DECORACIÓN NADAL NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Manifestando esta Corporación Municipal o interese en convocar o “**III CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023**” co fin da promoción e apoio ao tecido empresarial do concello de Valdoviño animándoo a decorar os seus locais para impulsar a actividade comercial municipal, e co fin tamén de animar a particulares interesados con domicilio en dito concello a decorar as súas vivendas para potenciar conxuntamente o ambiente festivo coincidindo coas festas do Nadal .

PROPONSE

A aprobación das bases do “**III CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023**” e do **ANEXO I** correspondente á solicitude de inscrición.:

BASES DO III CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023

1-OBXECTIVO.

É obxecto deste concurso a promoción e apoio ao tecido empresarial do concello de Valdoviño animándoo a decorar os seus locais coa finalidade de impulsar a actividade comercial municipal, así como animar a particulares interesados con domicilio en dito concello a decorar as súas vivendas potenciándose entre todos o ambiente festivo coincidindo coas festas do Nadal .

Con tal motivo, convócase o “**III CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023**”.

2-MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

TECIDO EMPRESARIAL

Modalidade A) DECORACIÓN NO EXTERIOR DO LOCAL.

Modalidade B) DECORACIÓN ESCAPARATE.

Modalidade C) DECORACIÓN INTERIOR DO LOCAL.

VECINANZA

Modalidade D) DECORACIÓN DE BALCÓN, DECORACIÓN DE PORTA OU DECORACIÓN DE FIESTRA.

Modalidade E) DECORACIÓN DE FACHADA OU DECORACIÓN DE PECHE EXTERIOR

Modalidade F) DECORACIÓN XARDÍNS.

3-REQUISITOS DOS PARTICIPANTES.

Poderán participar na modalidade de TECIDO EMPRESARIAL todas as persoas a partir de 18 anos que sexan titulares de calquera empresa radicada no termo municipal de Valdoviño e que cumpra os requisitos establecidos legalmente para exercer a súa actividade.

Poderán participar na modalidade de VECIÑANZA todas as persoas a partir de 18 anos que sexan residentes no termo municipal de Valdoviño.

4-PRAZO DE PRESENTACIÓN E SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o día 1 e rematará o día 15 de decembro.**

A solicitude terá que ser presentada por unha persoa maior de 18 anos.

Cada persoa/empresa poderá participar nas modalidades que estime oportuno. No caso de concorrer en varias modalidades deberá cubrir unha solicitude de inscrición para cada unha das mesmas.

Para participar, requirirase cumprimentar a ficha de solicitude (ANEXO I) que estará a disposición dos interesados na páxina web www.concellodevaldovino.com e tamén será facilitada na Casa de Cultura.

Cada ficha con todos os datos cumprimentados deberá remitirse ao correo electrónico culturavaldovino@gmail.com, tamén poderá reenviarse a través da sede electrónica do Concello ou entregarse presencialmente na Casa de Cultura en horario de luns a venres de 10:00 a 13:00 nos días laborables. A inscrición será gratuíta. En canto as inscricións que se envíen a través da web ou de correo electrónico, o/a interesado/a recibirá confirmación por correo electrónico da recepción da súa solicitude como moi tarde o día 17 de decembro. De non recibir confirmación deberá interesarse persoalmente polo estado da súa solicitude chamando ao departamento de cultura do Concello de Valdoviño o día 18 de de decembro antes das 14:00 horas.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase na web a lista de empresas e dos particulares participantes no concurso.

5-CALENDARIO

As decoracións en todas as modalidades deberán estar preparadas o día **17 de decembro de 2023**. As decoracións non poderán desmontarse até despois do día de Reis. Neste período de tempo o decorado non pode variar. Con tal motivo, todos os participantes admitidos deberán achegar **dúas fotografías da composición realizada (unha diurna e outra nocturna)** ao whatsapp do teléfono da Casa da Cultura 645 305 229 ou ao correo electrónico culturavaldovino@gmail.com indicando o nome do participante e ou empresa, a modalidade na que participa e o enderezo do lugar que aparece na fotografía que se envía. **O prazo para enviar as fotografías remata o 18 de decembro ás 00:00h.** A falta de fotografías cos datos requiridos e o envío fora de prazo suporá a eliminación do concurso. Tamén quedarán excluídas as solicitudes de quen envíe fotografías nas que aparezan persoas que non teñan autorización de uso da súa imaxe.

As fotografías cederanse ao Concello de Valdoviño para a súa publicación na páxina web municipal, redes sociais municipais, ou na ferramenta que se designe o Concello de cara a tomar parte na modalidade de **votación popular** (punto 5 das bases da convocatoria).

O día **20 de decembro** realizarase a visita ás distintas localizacións por parte do xurado. Se a decoración non é visible desde o exterior e o xurado non pode acceder á visualización do traballo concursante, este ficará descalificado.

Os nomes dos gañadores daranse a coñecer a través das redes sociais do Concello a partir do día **21 de decembro**.

5-VOTACIÓN POPULAR

Poderá participar na votación popular calquera persoa que acceda a web, ferramenta ou mecanismo que habilite o Concello, coa limitación de que cada persoa soamente poderá votar unha vez para cada unha das modalidades establecidas no concurso.

Poderán emitirse votos dende o momento en que se publiquen as fotos no Facebook e no Instagram do Concello de Valdoviño.

A votación popular comenzará ás 12:00 horas do día 19 de decembro e rematará o día 20 de decembro ás 14:00 horas .O votante premerá na opción “gústame” para indicar a decoración que máis lle guste de cada modalidade. A fotografía de cada modalidade con máis “gústame” en Facebook engadirá cinco votos na táboa de cualificacións creada para o xurado presencial. A fotografía de cada modalidade con máis “gústame” en Instagram engadirá cinco votos na táboa de cualificacións creada para o xurado presencial. Para que os cinco puntos sexan efectivos o número de votos rexistrados en cada unha das redes deberán ser máis de 50.

O Concello resérvase o dereito de descualificar a calquera participante se existe calquera sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar no concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como, bloquear usuarios, descualificar contidos ou usuarios ou calquera outra opción que se estime oportuna. Asemade poderá realizar comprobacións necesarias co fin de evitar duplicidade de participacións así como para eliminar aos participantes que non cumpran cos requisitos ou participen de forma fraudulenta. O Concello de Valdoviño non será responsable no caso de mal funcionamento da rede Internet que impida o normal desenvolvemento da modalidade de premios da votación popular por causas alleas ao propio Concello. Se concorresen incidencias que afectasen de forma significativa ao desenvolvemento ordinario do concurso, poderá cancelarse a modalidade de premios da votación popular pola organización.

6- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración das composicións farase sobre unha puntuación total de 25 puntos tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

Orixinalidade da decoración. Puntuación de 1-5

Calidade artística. Puntuación de 1-5

Uso de materiais reutilizábeis ou naturais. Puntuación de 1-5

Iluminación. Puntuación de 1-5

Composición. Puntuación de 1-5

7-XURADO

O xurado estará formado por :

- Un concelleiro/a do Concello de Valdoviño ou persoa na que delegue.

- Unha persoa relacionada co tecido asociativo do concello de Valdoviño ou co colectivo da comunidade educativa

-Unha persoa de recoñecida competencia relacionada co ámbito da decoración e/ou escaparatismo ou no seu defecto relacionada co mundo artístico.

-Voto popular

Un empregado público da área de Cultura do Concello, actuará de secretario/a, con voz pero sen voto salvo empate non dirimido por unanimidade polo xurado presencial.

O xurado ten plena liberdade para deixar deserta algunha categoría se así o estimase oportuno así como para acumular o importe destinado a este fin a outra categoría ou á algunha mención especial. Así mesmo poderá dividir o importe total destinado a cada modalidade en dúas fraccións se así o considerase conveniente. Dado que un mesmo interesado pode presentarse a varias modalidades o importe dos premios poderá ser acumulativo.

Calquera caso non previsto nas bases será resolto polo xurado cualificador

A decisión do xurado será inapelable.

8- PREMIOS

MODALIDADE A) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local

MODALIDADE B) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.
MODALIDADE C) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.
MODALIDADE D) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.
MODALIDADE E) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.
MODALIDADE F) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.

As cantidades estarán suxeitas ás retencións legais que lles fosen aplicables.

A listaxe de premiados publicárase na páxina web do Concello e nas súas redes sociais.

A entrega de premios realizarase o día 22 ou o día 23 de decembro en función do desenvolvemento do programa de Nadal do Concello de Valdoviño. Será en horario de tarde na Casa da Cultura e avisarase do día elixido como mínimo conn 24 horas de anticipación. É obrigatoria a presenza do interesado/a ou dun representante do mesmo no acto programado para recibir o premio; de non asistir decaerá o dereito a recibilo.

O importe do premio poderá ser trocado totalmente ou en dúas fraccións no/s establecemento/s elixido/s polo beneficiario. Responsables da área de cultura explicarán aos gañadores a maneira de proceder para poder realizar o gasto que deberá realizarse antes do 31 de xaneiro de 2024. En caso de non facelo nas datas establecidas entenderase que rexeita o premio.

9-PUBLICIDADE

Nas comunicacións privadas que realicen os establecementos en relación con esta iniciativa deberán incluír os logotipos oficiais do Concello.

10-ACEPTACIÓN

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

Valdoviño, 21 de novembro de 2023.

Alcalde.

Alberto González Fernández.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

III CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023

SINALE A OPCIÓN NA QUE VAI PARTICIPAR	
A-DECORACIÓN NO EXTERIOR DO LOCAL	
B-DECORACIÓN ESCAPARATE	
C-DECORACIÓN INTERIOR DO LOCAL	
D-DECORACIÓN DA VECIÑANZA DE BALCÓN, DECORACIÓN DE PORTA OU DECORACIÓN DE FIESTRA	
E-DECORACIÓN DE FACHADA OU DECORACIÓN DE PECHE EXTERIOR	
F-DECORACIÓN XARDÍNS	

CUMPRIMENTE TODOS ESTES DATOS:

DATOS PERSOAIS	
NOME E APELIDOS	DNI

DOMICILIO		PARROQUIA	
TELÉFONO-S			
CORREO ELECTRÓNICO			
DATOS ESTABLECEMENTO COMERCIAL			
NOME COMERCIAL		CIF	ACTIVIDADE
ENDEREZO-LOCALIZACIÓN			PARROQUIA
TELÉFONO-S			
CORREO ELECTRÓNICO			

EXPOÑO:

-Que coñezo e acepto as bases do concurso de Decoración de Nadal 2023 convocado polo Concello de Valdoviño e cumpro os requisitos establecidos para a participación no mesmo.

DECLARO:

- Non estar incurso/a en causa que impida ser beneficiario do vale de compra en comercio local se resultase gañador do concurso.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que como participante, ao asinar a solicitude autorizo ao Concello de Valdoviño a realizar as comprobacións que estime oportunas en canto a obrigacións de carácter institucional.
- Que todos os datos recollidos na presente solicitude son certos.

Os datos de carácter persoal aquí recollidos son tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Valdoviño con enderezo en Porta do Sol, número 25 15552 Valdoviño (A Coruña). Finalidade do tratamento: os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a solicitude, así como para cumprimento legal das xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. Destinatarios de cesións: os datos que faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Non serán comunicados a terceiros. Dereitos:

O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, e supresión de datos erróneos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. Non obstante e en relación coa presente convocatoria o solicitante **AUTORIZA** expresamente ao Concello de Valdoviño a facer uso público dos datos persoais solicitados na convocatoria das presentes bases para uso dos mesmos en redes sociais co fin de manter un óptimo desenvolvemento do concurso e para

cumprimento do obxectivo recollido no punto 1 das nomeadas bases que fai relación ao desfrute do ambiente festivo de Nadal tomando como base as composicións decorativas das empresas e da veciñanza para o que se precisa dar a coñecer as localizacións das composicións decorativas realizadas polos participantes.

SOLICITO

A inclusión como participante no concurso de Decoración de Nadal 2023 convocado polo Concello de Valdoviño, e para que conste ante órgano competente, asino a declaración no lugar e data abaixo indicados

En Valdoviño a 21 de novembro de 2023.

Sinatura interesado:

Alcalde:

Alberto González Fernández

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 21 de novembro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A interventora municipal deixa constancia de que non se lle trasladou o expediente para a súa fiscalización.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/A002/000006).

9º.- APROBACIÓN DO CONVENIO PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO “CLUB PRAIA PANTIN” PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E EVENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2023.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB PRAIA DE PANTIN PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE LOCAL AOS EFECTOS DE SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO NO ANO 2023.

“A BOE 53ª VIII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2023 contempla a colaboración económica ca entidade CLUB PRAIA DE PANTÍN para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción turística do noso Concello e axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 por importe de 10.000 €.

Consta no expediente 2023/A007/000004, a solicitude do CLUB PRAIA DE PANTÍN con C.I.F. núm. G70177910 acompañada da seguinte documentación, prevista na Base 53ª VIII) das BEO do Concello de Valdoviño para o ano 2023:

- a) *Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.*
- b) *Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.*
- c) *Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.*

- d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f) Certificado de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións para o caso de que a contía a outorgar ao beneficiario non supere os 3.000,00 €, de acordo co artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.
- i) Declaración responsable comprometéndose a presentar xustificación da axuda no prazo de 3 meses, e en todo caso antes da finalización do exercicio no que é concedida a subvención, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.

Visto o informe elaborado pola intervención municipal núm. EMP 129/2023 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para regular a colaboración entre o Concello de Valdoviño e o CLUB PRAIA DE PANTIN aos efectos de sufragar gastos que deriven da organización do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2023 (Expediente 2023/A007/000004)

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que deriven da organización e celebración do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2023 establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB PRAIA DE PANTIN PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO NO ANO 2023.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

INTERVEÑEN

Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED]

Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.

Doutra parte, Marcos Rodríguez Blanco con D.N.I. núm. [REDACTED]

Presidente do CLUB PRAIA DE PANTIN, en nome e presentación de este.

MANIFESTAN

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXETO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio fixar un marco de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e o CLUB PRAIA DE PANTIN para sufragar gastos que deriven da organización e celebración do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2023.

A duración do Convenio esténdese ata a finalización do prazo de xustificación da axuda, finalizado sempre antes do remate do 31 de decembro do 2023.

Segunda.- CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA, APOIO LOXÍSTICO E ORGANIZATIVO.

Conforme a Base 53ª das Bases de Execución do Orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2023, a entidade local comprométese a axudar economicamente ao CLUB PRAIA DE PANTIN para a organización e celebración da competición deportiva 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2023.

Así, establécese unha axuda de 10.000 € a favor do CLUB PRAIA DE PANTIN con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 que a entidade debe destinar única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2023.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver. Ademais desta axuda o Concello comprométese; a permitir o uso da praia así coma o do aparcadoiro da mesma para a celebración da proba deportiva, e autorizar o uso dos espazos para a xestión do resto do evento (previa concesión do título habilitante necesario para o que o solicitante deberá presentar toda a documentación requirida); a sufragar parte dos gastos de publicidade, transporte, montaxe e subministro eléctrico de infraestruturas vinculadas ao evento deportivo e de responsabilidade municipal, transporte e aluguer de colectores de lixo, xestión de saneamento e auga, así coma a cesión e limpeza previa dos espazos destinados a aparcadoiro para o evento, a prestación do servizo de socorrismo para o uso dos bañistas e usuarios da praia nos días do evento; a cesión das instalacións do Concello de Valdoviño na praia de Pantín. Igualmente colaborárase co apoio de efectivos de seguridade, extinción de incendios e de Protección Civil, así coma persoal municipal que sexa necesario para a xestión e celebración do evento.

Terceira.- DOCUMENTACIÓN.

Para a plena efectividade do presente Convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante copia da Tarxeta acreditativa do Número de Identificación Fiscal expedida pola Axencia Tributaria.

- b) *Acreditación da personalidade do representante do CLUB PRAIA DE PANTIN mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade.*
 - c) *Copia do documento constitutivo e estatutos do CLUB PRAIA DE PANTIN, así como certificación acreditativa dos cargos do referido club.*
 - d) *Memoria explicativa das actividades e orzamento e memoria dos gastos do CLUB PRAIA DE PANTIN para a organización e celebración do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2023.*
 - e) *Declaración xurada ou Certificado de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.*
 - f) *Declaración xurada de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.*
 - g) *Certificado dos datos bancarios do CLUB PRAIA DE PANTIN.*
- En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente Convenio.*

Cuarta.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

- a) *Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización segundo as condicións establecidas no presente convenio. Ditas condicións enmárcanse na Declaración institucional aprobada polo Pleno deste Concello en relación ao evento Pantín Classic Galicia Pro, así coma no documento emitido ao Club Praia de Pantín por este Concello con data 9/08/2019.*
- b) *En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño coas mesmas dimensións, lugares e soportes que o resto de administracións ou programas públicos que colaboren no mesmo, aos efectos de que conste a colaboración prestada. Igualmente o nome do evento figurará en todo soporte publicitario ou de promoción coas mesmas dimensións e de xeito unitario coma recoñecemento da festa de interese turístico de Galicia segundo o Acordo del Consello de la Xunta de Galicia de 19 de maio de 2016, por el que se declara festa de interese turístico de Galicia o Pantín Classic Galicia Pro no Concello de Valdoviño.*
- c) *Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención no prazo de tres meses dende a notificación da concesión ou ingreso efectivo do importe prepagable da axuda, ou antes do remate do ano 2023 previa solicitude motivada do beneficiario. Admítese a posibilidade de subcontratar a totalidade dos traballos que derivan da organización e celebración do dito evento deportivo, pero non poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial de actividades subvencionadas con persoas que estean non seguintes supostos;*
 - *As persoas ou empresas implicadas en calquera das prohibicións para ser beneficiario de axudas públicas.*
 - *As persoas ou entidades que recibisen outras subvencións para a realización da actividade contratada.*
 - *Intermediarios ou consultores cando o pago sexa definido como porcentaxe do custo total da operación, a menos que este pago sexa xustificado con referencia ao valor do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
 - *As persoas ou entidades vinculadas ao beneficiario.*

- d) *Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando tanta información lles sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.*
- e) *Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- f) *Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
- g) *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.*
- h) *Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 LXS.*

Quinta.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o unha vez asinado o convenio e ao tratarse de subvención prepagable antes da xustificación da subvención polo ente beneficiario, sen que se requira constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do dito anticipo.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a xustificación antes do 31 de decembro de 2023.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir e debera procederse ao reintegro dos importes non xustificadas.

Para a xustificación das cantidades asignadas deste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) *Certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.*
- b) *Certificación que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.*
- c) *Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- d) *Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola realización das actividades obxecto da subvención que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e da data máxima de presentación da xustificación, no suposto de que se presenten copias compulsadas, previamente á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal no que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha axuda outorgada polo Concello de Valdoviño. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012 do 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación e os conceptos das mesmas deberán especificar claramente que se refiren a gastos específicos derivados da organización e celebración do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2023. Achegaranse tamén xustificantes de transferencias bancarias aos provedores, co selo da entidade financeira, aos efectos de que quede acreditado a efectividade dos pagamentos sempre que non teñan código de verificación.*

- e) Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello ben por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.
- f) Memoria da actuación (firmada en todas as follas) subscrita polo representante legal do CLUB PRAIA DE PANTIN xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos e relación clasificada dos gastos realizados nos que se indiquen acredores co seu NIF, os documentos xustificativos dos importes e no seu caso das datas de pagamento, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula terceira.

No caso das subvencións prepagable, a falta de presentación da documentación xustificativa en prazo, ou presentación de documentación incorrecta, inadecuada ou insuficiente, será posta de manifesto ao interesado para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a un mes, subsane as deficiencias atopadas, transcorrido o cal, sen recibirse esta , procederas á incoación do expediente de reintegro. Este expediente poderá ser polo importe total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente. Tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, pero non se xustificaran gastos en contía que acade o importe subvencionado.

Sexta.- INCUMPRIMENTO.

No caso de que o beneficiario do presente convenio non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade deste, ou non realice o obxecto que determina a concesión da axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

Sétima.- NATUREZA DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa. Os acordos que se adopten en base ao mesmo porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- CONTROL EXTERNO.

De acordo co disposto na Lei 6/85 de 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, o Clube Praia de Pantín queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o dito órgano de control externo, en no seu caso segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982 de 12 de maio aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas.

Novena.- INTERPRETACIÓN.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade asinan dixitalmente o presente convenio o Alcalde, Alberto González Fernández e o representante do CLUB PRAIA DE PANTIN, na data indicada a marxe.

Segundo.- Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 100% da subvención prepagable concedida ao CLUB PRAIA DE PANTIN para a organización e celebración do 36 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2023 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48900 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ao CLUB PRAIA DE PANTIN e requirirille para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/A007/000004).

10º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “REPARACIÓN PUNTUAL NOS VIAIS MUNICIPAIS DE TARAZA E BOEIRO”, POS + COMPLEMENTARIO 2023.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“Visto que a Deputación provincial de A Coruña concede a este Concello unha subvención incluída no Plan Provincial POS + Complementario de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ Complementario 2023) para a obra, **REPARACION PUNTUAL NOS VIAIS EN TARAZA E BOEIRO**

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto con varios criterios.

Vista a providencia de Alcaldía.

Vistos os informes de secretaría e de intervención, así como o informe do arquitecto municipal, xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

PROPONSE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios, tramitación ordinaria, da obra: **REPARACION PUNTUAL NOS VIAIS EN TARAZA E BOEIRO**, polo prezo de 74.110,45 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 15.563,19 euros, o que supón un total de 89.673,64 euros.

SEGUNDO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO: Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2023.

CUARTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000004).

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/